

VI Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS).

Anexo II: Deseño do Proxecto de Innovación en ApS. Modalidade A: Proxectos Emerxentes.

Título do proxecto

Análise do currículo oculto sobre o rural galego nos libros de texto de Educación Primaria

Coordinador do proxecto

Nome e apelidos	Jesús García Álvarez
Facultade	Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida)

Materias involucradas no proxecto

Nome da materia	Titulación	Curso	Nº (*)
Educación e Sociedade en Galicia	Grao en Educación Social	1	30

(*) Número de alumnos/as estimado que participarán no proxecto.

Deseño do proxecto

Descrición da necesidade social

A necesidade social da que partimos relaciónase con dúas cuestións de plena actualidade en Galicia: **crise ecosocial** e **abandono do medio rural**. O discurso xeneralizado na poboación sobre tales problemáticas está directamente relacionado co currículo oculto dos libros de texto, pois constrúen parte do imaxinario que se transmite nas escolas sobre a ecoloxía e o medio rural.

Da mesma maneira que estudos previos elaborados por *Verdegaia* e por *Ecoloxistas en Acción* atoparon un currículo oculto anti-ecoloxista nos libros de texto, outros estudos tamén atopan unha “infrarrepresentación” do medio rural ou unha simplificación deste. Esta invisibilización ten efectos negativos sobre a contorna rural ao dificultar, entre outras cuestións, a fixación da poboación, debido a que promoven unha visión do rural como lugares alleos, con pouca diversidade e/ou unicamente para o consumo de actividades de lecer concretas.

Deste xeito, a necesidade a abordar neste proxecto é a análise do discurso sobre o medio rural que, como currículo oculto, se está a trasladar aos mozos e mozas nas escolas, a fin de concienciar a educadoras/es da importancia de adoptar unha actitude crítica sobre a cuestión e promover debates que impliquen a toda a comunidade educativa: familias, alumnado, centros e tamén editoriais de libros de texto.

Entidade colaboradora

Amarelante S Coop Galega é unha cooperativa e entidade de economía social situada en Manzaneda. A súa actividade transcende a produción económica, pois busca contribuír a aparición de economías alternativas no medio rural, loitar contra o despoboamento, así como visibilizar a diversidade e o valor da vida no medio rural de montaña.

Participa, polo tanto, en proxectos de dinamización e de promoción en colaboración e alianza con outras entidades ecoloxistas e ruralistas.

No proxecto participan ademais outros axentes sociais da educación e a ecoloxía.

Carácter innovador da experiencia

(Máximo 1.000 caracteres)

Este proxecto supón de maneira clara a consideración da entidade participante como axente educativo no proceso de Aprendizaxe-Servizo (ApS).

A implicación de *Amarelante* non é unicamente obter un produto que comunicar a institucións formais e non formais na etapa de Educación Primaria, se non aproveitar o proceso en sí mesmo para elaborar un diálogo compartido entre alumnado, profesorado e tecido social.

Isto convérteo nun proxecto de ApS que leva de maneira explícita a vontade da democratización nos procesos de coñecemento, fundamentando un campo horizontal de construción de saberes entre profesorado-alumnado-colectivo. Así pois, constitúe un activo altamente formativo, de aprendizaxe expansiva (ou dos sistemas), que permitirá que no “produto”, elaborado en forma de informe, se visibilicen as diferentes voces que nel participan.

O alumnado constitúe un elemento central no proxecto, posto que dende o seu rol teñen a posibilidade de traballar dende a súa memoria persoal próxima aos libros de texto, aprender da visión doutras educadoras/es, desenvolver unha actitude crítica, así como dirixir as súas inquiredanzas a profesionais en activo.

Descrición da experiencia: obxectivos, fases e avaliación

(Máximo 2.500 caracteres)

FASES:

1. Visita a Manzaneda acollida por *Amarelante*:

Nunha saída de campo ao Concello de Manzaneda, *Amarelante* recibirá ao alumnado e profesorado da materia para ilustrar a súa visión sobre a problemática obxecto de estudo. Visitaranse iniciativas económicas e sociais relacionadas co sector primario, a comunicación e a educación. Ademais da visita, realizarase unha sesión de debate como inicio a un diálogo crítico sobre a natureza do medio rural e da educación sobre e neste. Os axentes sociais implicados serán:

- Alcalde do Concello de Manzaneda

- Viticultores da Terra
- Amarelante
- Casa Niño de O Bicarelo
- Outonía (Cooperativa de Educación Social)
- Deseñadora Gráfica dende o rural (Marta Conde)

2. Formación en análise:

Levaranse a cabo unha serie de lecturas para familiarizarse cos conceptos clave, así como un seminario formativo nas técnicas de análise de contido e de discurso que utilizará o alumnado.

3. Traballo colaborativo de análise:

O alumnado, dividido en grupos de 3 ou 4 persoas, efectuará a análise de contido de libros de texto de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria (editoriais por confirmar), sintetizando aquelas ideas que faciliten a interpretación e conexións cos contidos da materia.

Durante este proceso, levaranse a cabo seminarios de triangulación con *Amarelante* e profesorado, nos que o estudantado expoñerá os seus avances e se avanzará nunha interpretación consensuada.

4. Elaboración do produto de difusión:

Unha vez elaborada e discutida a análise, cada grupo deberá elaborar un breve informe, que terá unha estrutura académica, e será a súa entrega como traballo da materia. Será presentado a todo o alumnado da aula, a fin de xerar un debate compartido que conecte directamente cos contidos da propia materia.

O Informe final será elaborado por parte do profesorado da materia e posto a disposición do alumnado e *Amarelante* para posibles enmendas.

Cada grupo de estudantes poderá tamén elaborar diferentes produtos de difusión en formatos creativos e divulgativos (carteis, dípticos, vídeos, etc.).

OBXECTIVOS E AVALIACIÓN:

Impacto social:

Divulgación da análise crítica resultante do traballo realizado. As implicacións que esta análise poida ter na loita contra o abandono ou representación máis xusta do medio rural son claras, pois pretendese informar a centros, entidades educativas e editoriais a través de distintos formatos.

Aprendizaxe:

Búscase que o estudantado desenvolva as competencias descritas no seguinte apartado, as cales serán valoradas por medio dunha rúbrica que cubrirá o profesorado e un responsable de *Amarelante*. Este instrumento terá en conta a calidade do informe entregado, así como o dominio dos contidos da materia en relación ao traballo desenvolto. O resultado das rúbricas constituirán un 40% da calificación na materia.

Amarelante e o estudantado cubrirán tamén unha rúbrica para valorar a participación e implicación do profesorado no desenvolvemento do proxecto.

Xustificación da contribución do proxecto á adquisición das competencias da materia

(Máximo 1.000 caracteres)

Educación e Sociedade en Galicia é unha materia de Formación Básica no Grao de Educación Social, e constitúe unha primeira mirada á relación entre educación e entorno social en Galicia. Neste senso, o proxecto descrito implica visualizar e analizar de maneira crítica os libros de texto como un elemento educativo fundamental no que se aborda unha das dimensións clave da configuración social de Galicia, é dicir, o medio rural.

A realización deste traballo achega ao alumnado a contidos propios da materia da man de actores relevantes do medio social galego, abordando coñecementos teóricos, conceptuais, históricos e metodolóxicos relacionados coa Educación Social dende a perspectiva académica e social.

O seu traballo de análise necesita considerar as realidades socio-políticas, económicas, educativas e culturais da labor profesional na educación, así como da súa área de estudo para que poidan realizar unha interpretación, crítica e consistente das implicacións que as imaxes e textos teñen no currículo oculto pode ter nas prácticas culturais do alumnado con respecto ao medio rural.

A reflexión é a base deste traballo, en diálogo con axentes sociais, revisar as súas propias concepcións, miradas e prácticas, recoñecendo e sintetizando novos coñecementos e valores, nun exercicio de autocrítica. Esta reflexión non se limita ao estudantado, se non que é un proceso compartido polas partes implicadas nesta colaboración: profesorado e activistas de *Amarelante* incluídos.

Proxección

Este proxecto enmárcase na [Comunidade de Accións e Saberes Arredor do Rural](#). Un grupo de docentes e sociedade civil que utiliza a Aprendizaxe-Servizo como punto en común para articular relacións entre o sistema de ensino universitario e outros axentes sociais.

No seo deste organízase a difusión dos proxectos en conxunto e tamén se celebran encontros ([o seguinte o 26 de novembro](#)) destinados a elaborar un debate sobre os proxectos en curso. É neste foro que se traballa a proxección desta ApS, compartindo resultados e incorporando propostas de modificación doutros axentes, así como posibles sinerxias futuras.

